


## O sorpaso de China a Estados Unidos

Esta crise mundial podería reorganizar o mundo? Está China capacitada para xerar o sorpaso aos Estados Unidos?

Interpelacións constantes, carreira forzosa e precipitada para chegar ao trofeo (vacina) e tamén por ser actor protagonista no escenario que deixe esta pandemia, marcando así a batalla central do novo xogo exposto ao mundo. Por unha banda, EE.UU en plena guerra comercial con China, permítese falar de *virus chino* para formar unha nova marca publicitaria de defensa. Dende Oriente os discursos oficiais chinos difunden a propaganda de que souberon derrocar ao virus e ademais facendo unha labor de cooperación internacional, dando crédito diplomático de cara ao sorpaso que ten preparado cara os Estados Unidos. Estase a ver en Europa, con Italia e España como beneficiarios da solidariedade china, e deixa a descuberto a infrutuosidade da Unión Europea, carente de ferramentas para axudar de inmediato a outro estado membro da comunidade. Ao mesmo tempo, os medios oficiais de Pekín dan forma á teoría da conspiración, deixando entrever que o xigante americano tivo algo que ver co comezo do virus no seu país.



Hai dous factores salientables para poder definir á situación actual como a “Guerra fría do século XXI”, e son os seguintes: a actual guerra comercial do G5, sumado á carreira pola vacina do COVID-19.

As batallas dialécticas están servidas a todas horas e en cada momento que precisen oportuno. Trump leva tempo falando de *virus chino* nas súas declaracións, sempre intentando meter unha mensaxe de cara ao inimigo oriental. Mentres, o goberno chino da máis vida a famosa “teoría do complot”, deixando caer que o virus foi introducido no seu país pola parte de militares estadounidenses que chegaron a Wuhan. Ambos poñen a maquinaria do medo a funcionar.

Xunto ao coronavirus difundíuse tamén unha cultura do medo, co obxectivo de facer dano na imaxe do goberno chino. Tivo repercusión cando se deu a coñecer a morte de Liu Zhiming, o médico que denunciou os segredos usados polo seu Goberno para esconder información sobre a infección. Pensemos que o que fixeron os gobernantes chinos non o farían outros, como por exemplo os norteamericanos? É normal que queiran dosificar a información ata saber que teñen entre mans e como poder solucionalo. En situacións coma a que hai neste momento, a verdade pode ser fonte de desesperación e caos debido ao medo humano cara o descoñecido.

China, sendo supostamente o país que ten a maior responsabilidade neste asunto, toma a decisión de pór en corentena a toda a súa poboación, para que o virus non se expanda. Foi o primeiro país que aplicou o estado de alarma, sendo así o exemplo para o resto do mundo. Unha vez superada a proba de confinamento, os resultados sanitarios obtidos son bastante bos, logrando saír da urxencia e, así dar un xiro na estratexia xeopolítica respecto ao virus. Unha vez lograda a calma na curva de contaxios, o epicentro do virus trasladouse a Europa, principalmente a Italia e España. Con estes antecedentes, China tomou a decisión de cambiar a súa postura: pasou dunha actitude defensiva a unha ofensiva diplomática para poder transformar a súa imaxe a nivel internacional, buscando a desaparición das súas responsabilidades na orixe do virus. Nese sentido, China está facendo de potencia responsable e está axudando aos países europeos que precisan de axuda humanitaria e sanitaria. É o chamado “plan Marshall chino”. Os países máis afectados en Europa polo coronavirus víronse sen resposta colectiva, solidaria ou contundente pola parte da Unión Europea, isto fixo que ditos países aceptaran a axuda do país oriental.

Pekín non se quedou só en cousas solidarias, senón que ademais tivo a idea de expulsar do seu territorio a corresponsais con nacionalidade estadounidense, iso sí, en réplica á saída forzosa de sesenta empregados chinos de medios do seu país en territorio de Estados Unidos.

As fronteiras da xeopolítica do virus abríronse coma se estiveran programadas para afectar a uns cantos. É curioso que os primeiros países afectados foran China e Irán, dous inimigos de EE.UU, ou no caso de Europa que sexan os países do sur. As consecuencias van máis lonxe ao ver que o COVID-19 só chega a terreo estadounidense cando xa hai as primeiras probas de medicina que demostran a súa efectividade.

Xa co virus dentro das súas fermosas fronteiras, Trump deixa de falar de pequeno problema a chámalo crise mundial. Primeiro chegou o veto de viaxes dende Europa (agás UK) e as liñas mestras dos estímulos económicos que pensaba impulsar para conter o esborralle económico. Agora mesmo as canles oficiais do goberno norteamericano cualifican isto coma unha crise equivalente a unha guerra.

Esta crise pon en evidencia o sistema sanitario americano, e máis sendo este un ano electoral. Queda demostrado o fracaso do neoliberalismo máis duro, sendo o talón de Aquiles dunha sociedade supostamente avanzada, das máis avanzadas do mundo. Trump intenta corrixir estes erros con “parches”, con cheques directos ao cidadán ou rebaixas tributarias para que a cidadanía estea cuberta nesta pandemia mundial.

Hai que repensar moi seriamente a que nos está conducindo este capitalismo agresivo e se serve para algo a globalización, sacando a relucir o pensamento de Estado-nación e esquecendo a comunidade. Estase a ver na Unión Europea, sendo un claro exemplo de falta de mecanismos para facer un estado de estados forte. O fin do coronavirus pode ser cedo ou tarde; se é pronto, todo seguirá igual, mudando ben pouco o pensamento, mais se tarda pode que xere un cambio de pensamento e a poboación xa non pense tanto en global, e máis de cara ao interior, xerando no caso de Europa, un eurocepticismo que pode fragmentar o que hoxe coñecemos como Unión Europea.

Se China é capaz de facer o sorpaso a EE.UU, pode que sexa o feito máis grande no século XXI de xeopolítica. Ademais do reto que plantexa a crise climática, tendo un papel protagonista e deixando unha boa imaxe no mundo.

Son estas suposicións propias, mais seguindo a lóxica dos actores políticos ten bastante credibilidade. Penso que a carreira pola vacina, e en definitiva por influír no escenario que deixe tras de si a pandemia, podería emular a carreira espacial coa diferenza de que se produce nun contexto de crise mundial con centos de persoas morrendo a diario.

### **SOBRE O AUTOR**

Yonay Gómez Meira. Graduado Ciencia Política e da Administración na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Escribe sobre temas relacionados con socioloxía, en especial os derivados da acción social.